

MONTES SOSTÍBEIS

MONTE CABALAR:

A XESTIÓN DE BIOMASA CON GANDO CAPRINO E EQUINO

Fuco Xavier Barreiro*

O abandono contemporáneo do rural, como consecuencia do modelo de crecemento adoptado, retirou do medio o xestor fundamental dos recursos –a poboación– provocando o colapso e a aparición de novos xestores, como o lume, ben como doutros desequilibrios igualmente graves (comercio mundial de alimentos, sobreexplotación, desertización, cambio climático, crise, etc.) que cuestionan o modelo actual de crecemento por asimétrico e insostíbel. O progreso e evolución futura dependerá da capacidade de recuperar o equilibrio entre xeración de recursos, aproveitamento e poboación.

Coop. Monte Cabalar



Égoas pacendo no monte.

A CABRA E A BESTA COMO PROCESADORAS DOS RECURSOS PASTÁBEIS DOS MONTES

Se, aniñados, observamos o cagallón dun cabalo, descubriremos fibra de toxo fermentando, o que desde a nosa perspectiva técnica sería unha procesadora de biomasa que, a través da fermentación bacteriana, transforma celulosa, indixeríbel para nós, en proteína animal, visto agora coa nosa perspectiva de consumidores finais dentro da cadea trófica. O pastoreo con aproveitamento dos recursos dos montes é, pois, paradigma da sustentabilidade: xestiona a biomasa arbustiva transformando a enerxía solar en proteínas, sen custos de produción e sen consumo de enerxía no proceso de transformación.

A besta e a cabra son excelentes especies lignívoras –as únicas capaces de dixerir o toxo– que procesaron tradicionalmente biomasa, favorecendo a aparición da vexetación herbácea e, polo tanto, doutras especies de gando

máis esixentes, e fornecendo aos fogares de alimento, forza tractora e transporte. Hoxe, o desenvolvemento da súa explotación extensiva é un xeito de garantir unha xestión sustentábel dos montes. Esta aptitude fai que sexan especies pioneiras nun proceso de reintrodución de gando, recuperación do monte e rexeneración de pastos de maior calidade.

CATRO ANOS APRENDENDO CON CABRAS E BESTAS

Polo seu carácter de especies pioneiras, iniciamos con elas a nosa experiencia de unidade de xestión a través dunha cooperativa de explotación comunitaria dos recursos dos montes (Monte Cabalar) para superar o abandono, conter os lumes e valorizar o monte. Como tiñamos cargas leñosas de toxo e –puntualmente– de xesta moi elevadas, de 30t até máis de 50t por Ha, encetamos en febreiro de 2007 un programa de rozas e de pequenas manchas de

lumes prescritos co obxectivo de favorecer o retoñado e empradizado.

Os primeiros rabaños de cabras e bestas introducímoslos a comezos de 2007. Traballamos con diferentes tipos de subparcelas e diferentes cargas; fomos vendo capacidade de penetración e aproveitamento do mato; comprobamos o estado de carnes, a fertilidade e o crecemento en función da porcentaxe de pasto herbáceo e arbustivo, ou da masa leñosa. Condicionados polos rendementos da explotación, pasamos dun manexo inicial que primaba o control do mato, a primar o estado do rabaño.

Galiza conta hoxe cun censo de 53.000 cabezas de caprino, das que 1.000 son de leite e o resto de carne. Hai 15 exemplares de media por explotación, a maioría de rabaños mixtos. Só 50 explotacións teñen máis de 100 cabras

APTITUDES PASCÍCOLAS DA CABRA

A cabra ramallea nos gromos e estona os talos, controlando moi ben comunidades de uz, carqueixa, xestas ou silvas. Porén, non dá comido os gromos de toxo (*U. europaeus*) ao comezar a lignificación (aproximadamente ao mes) e tampouco estona os seus tecidos vasculares.

Por outra banda, a cabra mostra un comportamento no pastoreo moi independente e disperso, o que lle provoca problemas ao pastor e facilita o ataque de depredadores como o lobo, que así pode eludir a presenza dos mastíns. Os


cabritos sofren ademais predación de raposos, aves e xinetas.

A cabra realiza un pastoreo precipitado e moi selectivo, cun ciclo que vai da busca ao consumo e á diversificación, procurando o equilibrio entre enerxía e proteína. Aínda que as proporcións entre herbáceo e arbustivo oscilan en función das esixencias fisiolóxicas, en xeral, máis da metade da súa inxesta é arbustiva. Porén leva mal as rotacións con cargas elevadas en zonas de dominancia arbustiva, xa que a redución do aporte proteico ou a presenza de especies indixestas afecta ao estado xeral de vitalidade e incide no número de abortos.

É moi esixente, cun manexo complexo que require persoal entregado, sobre todo nas parideiras. O control no pasto é difícil, non respecta os peches con risco de producírense baixas ao ficaren enganchadas nas mallas. Tamén lle afectan moito as borrascas persistentes, os ventos, a humidade e os solos empoados, e cómprelle refuxio para o inverno e cando as choivas. Mais ten unha rendibilidade alta, porque o cabrito é moi demandado e aprezado.

APTITUDES PASCÍCOLAS DO CABALO

O cabalo de monte ou do país está perfectamente adaptado ao monte atlántico, cun clima hiperhúmido e ventoso e unha vexetación composta case exclusivamente por toxo. Aínda que tamén necesita pastos herbáceos en función das esixencias fisiolóxicas (xestación, lactancia), soporta unha inxesta –proporcional ao peso corporal– maior de toxo que a cabra e tempadas maiores cunha dieta exclusiva de toxo. Cando se traballa con cargas ele-



O censo galego de cabalos atinxe as 20.000 reprodutoras distribuídas polos montes, sobre todo, dos macizos litorais. Comezou a súa regresión a comezos do século pasado

vadas é capaz de dixerir toxo xa lignificado reducíndoo notoriamente, o que logo repercutirá no seu estado xeral.

Tamén exerce maior control pola súa talla, peso e pisada, e ten máis capacidade de penetración nas grandes masas. Sofre bastante a predación do lobo, aínda que pode chegar a desenvolver defensas moi eficaces.

Non ten esixencias, non require atencións e ten un manexo básico. O control do cabalo no pasto é sinxelo e barato. O gran condicionante para o sector equino é a falta de demanda de carne de poldro e de circuitos para a

súa comercialización, polo tanto a súa produtividade é moi baixa ou nula.

O resultado no control do toxo varía en función da especie, toxo arnal (*Ulex europaeus*) e toxo femia (*U. gallii*), mais para as dúas é maior o que realiza o cabalo; sobre toxo arnal o control da cabra é baixo e o do cabalo é medio; sobre o toxo femia, a cabra ten un control medio e o cabalo, alto.

O fento non é apetecibel para ningunha das especies, en todo caso o control é consecuencia do efecto de pisado, que é maior no caso do cabalo.

Para o resto das especies arbustivas –xestas, piornos, codesos, silvas, uces, queirugas, carqueixas...– é sempre maior o control que realiza a cabra. Como tamén é, aínda que agora en sentido negativo, o dano que pode realizar en plantacións florestais novas.

CONCLUSIÓN

Segundo a nosa experiencia e manexo, consideramos que na Galiza atlántica (ao oeste da dorsal galega), por clima e vexetación maioritaria de toxo, o cabalo é máis eficaz para o pastoreo no monte, razón pola que tradicionalmente a maioría dos équidos en liberdade se sitúan nos macizos litorais. Asemade, a cabra adáptase mellor nos macizos centrais e orientais (ao leste da dorsal) por clima máis seco e por presenza dunha vexetación mixta de uz, carqueixa, toxo, etc., motivo, tamén, polo que os maiores e mellores rabaños de cabras se manteñen na zona oriental.



Efecto do control a través de pastoreo de comunidades de toxo en solos tipo ránker.

* Fuco Xavier Barreiro Carracedo é membro da Sociedade Cooperativa Monte Cabalar.